



## **RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, pola que se aproba o Plan de Xestión Integral da Reserva Mariña de Interese Pesqueiro Ría de Cedeira para o ano 2023.**

### **Antecedentes**

A Confraría de Pescadores de Cedeira presentan O Plan de Xestión Integral para a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2023 en formato dixital, e solicitan a súa aprobación.

O día 14/02/2023 reuniuse, en sesión ordinaria, o Órgano de Xestión, Seguimento e Control da Reserva Mariña coa orde do día de informar o Plan de Xestión.

O día 17/02/2023 o Órgano de Xestión, Seguimento e Control emite informe favorable ao documento resultante como Plan de Xestión Integral para a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro "Ría de Cedeira" para o ano 2023 tralas deliberacións e consideracións feitas na reunión do OXESCO do 14.

### **Consideracións legais e técnicas**

O Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro "Ría de Cedeira", establece no seu artigo 4 as actividades permitidas e limitacións de uso da reserva. Entre as actividades permitidas: a pesca marítima profesional coas artes e aparellos tradicionalmente utilizados na zona (letra a); a recollida de ourizo, percebe, navalla e longueirón ou calquera outro recurso específico que se recolla no marco do plan de xestión integral (letra b); o marisqueo a pé e a recollida de algas (letra c) e a recollida de mexilla (letra d).

Asemade, o artigo 6 define as actividades permitidas e limitacións de uso nas zonas de ZEP-I-Vilarrube e ZEP-II-Boca da ría, entre elas: a pesca con artes de enmalle dentro da ZEP-I-Vilarrube nas modalidades tradicionalmente empregadas (letra a) e a extracción de percebe dentro da ZEP II-Boca da ría (letra b).

O artigo 7, no seu apartado 1, determina que as actividades recollidas nas letras a), b), c) e d) do artigo 4 así como as a) e b) do artigo 6 desenvolveranse no marco dun plan de xestión integral aprobado para esa área no que se recollerán as medidas específicas para cada unha das pesqueiras e zonas dentro da reserva.



No seu apartado 2 establece que o Plan de Xestión Integral será aprobado pola dirección xeral competente en materia de recursos mariños, logo do informe do Oxesco.

O Decreto 210/2022, do 1 de decembro, polo que se modifica do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar atribúelle á Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores así como de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños.

De acordo con todo o anterior,

#### RESOLVO:

**Aprobar** o Plan de Xestión Integral para a Reserva Mariña de Interese Pesqueiro "Ría de Cedeira", que figura como anexo a esta resolución, para o ano 2023.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse un recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo máximo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.

Antonio Basanta Fernández

